



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



NOVAS E NOVOS
ENTRANTES
INFORME DE PERFÍS

» RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA E CUALITATIVA



Este documento foi elaborado polo Grupo Operativo TERRACTIVA. TERRACTIVA desenvolve ferramentas de apoio á incorporación no sector agrario de persoas novas entrantes. Son organizacións parceiras do proxecto a Escola de Formación Agraria de Fonteboa, a Sociedade Cooperativa Galega Horsal SCG, a Fundación Juana de Vega, a Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos" e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela. Colaboran Slow Food Compostela e as empresas produtoras Granxas de Lousada SC e Eloy Galán.

Proxecto beneficiario das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Data: Xaneiro de 2024.

Elaboración: Guillermina Fernández Villar, Nieves Pérez Rodríguez, Quico Ónega López, María do Mar Pérez Fra, Eduardo Corbelle Rico (Laboratorio do Territorio-USC), Elena López Colmenero (Fundación Juana de Vega)

DOI: [10.5281/zenodo.14792762](https://doi.org/10.5281/zenodo.14792762)

Licencia: Este traballo publícase baixo unha licencia Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

TÁBOA DE CONTIDOS

<u>INTRODUCCIÓN</u>	<u>4</u>
QUEN SON AS PERSOAS NOVAS ENTRANTES?.....	6
<u>ACHEGÁNDONOS ÁS NOVAS E NOVOS ENTRANTES EN GALICIA</u>	<u>9</u>
<u>RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN.....</u>	<u>14</u>
RESULTADOS DAS ENQUISAS.....	15
RESULTADOS DAS ENTREVISTAS	19
<u>BIBLIOGRAFÍA.....</u>	<u>33</u>
<u>ANEXOS.....</u>	<u>36</u>
ANEXO I. ENTIDADES CONTACTADAS PARA COLABORAR COA IDENTIFICACIÓN DE NOVAS E NOVOS ENTRANTES.....	37
ANEXO II. GUIÓN DA ENTREVISTA	39



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Introducción

1. INTRODUCCIÓN

O proxecto TERRACTIVA ten como obxectivo mellorar as capacidades e os recursos para apoiar a persoas que se instalan na agricultura por primeira vez, e que proceden de fóra do sector incorporándose cun enfoque integral e territorializado.

Aínda que tradicionalmente a sucesión a través de vínculos familiares foi o medio máis común de relevo, existe unha tendencia crecente de novas persoas agricultoras que non teñen vínculos familiares coa agricultura nin experiencia no sector. Enténdese que este colectivo pode contribuír a mellorar as perspectivas demográficas do sector agrario galego na contorna rural, contribuíndo á súa revitalización e aumentando o relevo xeracional.

A figura de novas e novos entrantes (NE), como colectivo diferencial tanto dende a perspectiva académica como técnica e política, é relativamente recente. Os estudos de certa relevancia comezan a aparecer fai tan só unha década e non existen para o caso galego. Ademais, nos últimos anos púxose de

manifesto a necesidade de coñecer mellor os procesos de relevo xeracional na agricultura para mellorar os instrumentos de apoio existentes a tal fin.

Dende TERRACTIVA desenvolvéronse unha serie de técnicas que incluíron a distribución dunha enquisa para obter unha estatística cuantitativa de certos descritivos básicos de corte cualitativo, e profundouse posteriormente na caracterización dos perfís de NE mediante a realización de entrevistas semiestruturadas. O resultado final é a ensamblaxe das características principais de ditos perfís nun “perfil tipo” que poida ser comparado co resto a nivel de continente europeo, onde poden estar sendo desenvolvidas ferramentas e técnicas de apoio, potencialmente adaptables ao perfil da nosa área de estudo. Ao mesmo tempo, para o deseño das enquisas realizouse unha revisión bibliográfica e metodolóxica de proxectos que, na mesma liña, traballaron con anterioridade na caracterización e apoio a NE. Estes traballos deron lugar á composición adaptada da Figura 1 de caracterización de NE.



Figura 1. Esquema simplificado de entrada ao sector de novas e novos entrantes.

Quen son as persoas novas entrantes?

No ano 2012, xorde o Grupo Focal (GF) “New Entrants into farming: lessons to Foster innovation and entrepreneurship” no marco da European Innovation Partnership “Agricultural Productivity and Sustainability, tamén coñecida e de aquí en diante coma EIP-AGRI, centrado na análise de perfís entrantes que se incorporaban sen experiencia previa algunha no sector agrario. Para este grupo, o concepto de nova/o entrante correspondíase en liñas xerais con “unha persoa ou grupo de persoas que estableceron nos últimos dez anos unha explotación, negocio agrogandeiro ou cooperativa agraria. A persoa ou grupo de persoas debe estar activa e debe iniciar a actividade nunha nova empresa ou regresar á empresa familiar tendo traballado durante un mínimo de dez anos fóra de dita empresa”.



EIP-AGRI Focus Group
New entrants into farming:
lessons to foster innovation
and entrepreneurship

FINAL REPORT
3 MAY 2016

1

Funder: European Commission

Figura 2. Informe da EIP-Agri sobre NE. Dispoñible [aquí](#).

Actualmente non existe una terminoloxía consensuada para referirse a este tipo de perfís, polo que é posible atopar documentos con referencia a *newcomers*, *beginning farmers* ou *aspiring farmers* para referirse a estas experiencias.

A non diferenciación deste tipo de perfís coas persoas agricultoras mozas, que tradicionalmente accedían ao sector por herdanza, daba lugar a unha problemática, pois non permitía unha toma de decisións e establecemento de regulacións adaptadas, o que os deixaba moi en desventaxa fronte a outros perfís entrantes no sector.

Mentres as incorporacións contaron tradicionalmente con unha serie de recursos coma unha base territorial, capital, formación, coñecemento do traballo, una vivenda ou finca en herdanza, ou outro tipo de conexión co lugar onde se ían establecer; non era habitual atopar persoas incorporándose sen algunhas ou incluso ningunha destas características.

O grupo de novas e novos entrantes, que se corresponde co segundo caso, caracterízase porque, en xeral, non ten unha conexión previa con una granxa pre-existente e entra ao sector a través de diversos camiños abrindo novas empresas que son, en moitas ocasións, innovadoras, diversificando as formas de negocio e creando novas redes a diferentes escalas fronte aos xefes e xefas de explotación usuais. Algúns exemplos inclúen: empresas que nacen en sectores distintos ao agrario, start-ups de produtos completamente innovadores e incluso actividades ligadas a hortas urbanas. Nalgúns casos estas persoas tampouco se incorporan dedicando a totalidade do seu tempo laboral ao proxecto,

se non que entran no sector paulatinamente e compaxinando o traballo agrario con outro mentres a rendibilidade e estabilidade inda non están completamente garantidas.

Segundo a literatura, as persoas novas entrantes tenden a ser moito máis **innovadoras** a múltiples niveis, xa sexa social, ambiental, organizativo ou empresarial. Moitas caracterízanse polo tipo de agricultura que practican, primando en moitos casos a **sustentabilidade** mediante o emprego de **novas ideas** e formas de produción, que poden axudar a reorientar o sector agrario de cara a negocios máis sostibles e resilientes, orientados ao futuro. Son, por exemplo, as empresas baseadas na **agricultura rexenerativa**, ou aquelas que apostan pola **economía circular**, as fontes de enerxía **renovables** e a **autosuficiencia**. Isto é crucial tendo en conta a crecente necesidade de obter produtos de maior **calidade** e cantidade, e de mellorar tamén as formas de vida das persoas do sector.



Figura 3. Val do Conso é un exemplo da gandería rexenerativa dirixida por dous NE. Fonte: cedida polo Antonio Tucci.

Os modelos máis elixidos por NE adoitan ser de **produción vexetal** e, nos casos da produción animal, a **gandería ovina** de carne, coincidindo en ambos casos cun modelo de produción **agroecolóxico**. Estes modelos permiten realizar un investimento inicial non moi alto, precisan dunha menor superficie agraria e ofrecen altos rendementos a cambio, ademais de ser máis flexibles no tempo. Caracterizan a este perfil valores coma: o fomento de **canles curtas** de comercialización e **diferenciación** dos produtos a través de selos de calidade e coñecemento da persoa compradora; a **diversificación** da actividade económica; **respecto do entorno** e incorporación da **produción ecolóxica** como estratexia de viabilidade da explotación; colaboración e implicación a nivel comunitario; **cooperación** co resto de entidades productoras, fomentando un novo

modelo de **relacións** laborais e sociais; capacidade de decisión sobre o precio de venda; planificación a medio prazo e incorporación de **prácticas innovadoras** de produción; pouca dependencia enerxética e baixo nivel de inversión inicial.



Figura 4. A páxina web de Os Bisobardos recolle moitas das inquiredanzas que caracterizan a NE. Fonte: <https://www.osbiosbardos.com/es/el-proyecto>.

Como paso previo á definición da metodoloxía de traballo, estableceuse, logo da revisión bibliográfica, unha definición de NE a efectos prácticos do proxecto, entendendo que para ser consideradas NE deben cumprir os seguintes criterios:

- Que non tendo desenvolto unha actividade agraria previa -a nivel profesional-, teñan iniciado unha actividade agrícola e/ou gandeira nos últimos 10 anos, non sendo por sucesión (na explotación dos pais).
- Que, tendo desenvolto unha actividade agraria previa, esta fora antes dos dez últimos anos de actividade.
- Unha persoa física (ou que forme parte dunha entidade xurídica) que se dedique activamente á actividade agraria (sexa a tempo completo ou parcial) e que por tanto se teñan

incorporado como titulares ou co-titulares de explotación. Este último requisito modificouse unha vez se alcanzou un certo volume de datos que nos indicaba que as entradas ao sector se realizaban fóra do camiño habitual, habendo moitos perfís que non contaban con un CEA ou non estaban dadas de alta coma autónomas agrarias.



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Achegándonos ás novas e novos entrantes en Galicia

2. ACHEGÁNDONOS ÁS NOVAS E NOVOS ENTRANTES EN GALICIA

O grupo TERRACTIVA ten como área de actuación, ós efectos de caracterización de novas/os entrantes (NE), o territorio de Galicia. A fin de poder identificar, localizar e finalmente caracterizar ós e ás NE en Galicia, estableceuse unha combinación de técnicas cuantitativas e cualitativas.

Como primeiro paso para achegarnos a este perfil, elaborouse unha enquisa coa finalidade de identificar agricultores/as ou gandeiros/as que se incorporaron como tal nos derradeiros 10 anos na comunidade e que non contaban con experiencia previa no sector. Empregouse a tal fin a plataforma Forms de Microsoft 365, con unha conta vinculada á USC a fin de xestionar de maneira axeitada os datos das persoas participantes.

O lanzamento desta enquisa realizouse o 2 de febreiro de 2023 empregando para a súa difusión os seguintes medios:

- Divulgación nas redes sociais e páxinas web das entidades socias do proxecto, por exemplo a USC.
- Divulgación en revistas e prensa con perfís acaídos ó público que van dirixidas (Vaca Pinta, La Voz de Galicia, etc.).
- Envío de correos electrónicos dirixidos a unha escolma de entidades identificadas polas entidades parceiras do proxecto como potenciais intermediarias (Anexo I).

A enquisa está composta de 34 preguntas, algunhas delas dependentes das anteriores, con 12 obrigatorias e 22 opcionais. O tempo medio de dedicación en cubrila foi de 9 minutos.

O maior número de respostas coincidiu co lanzamento da mesma, que foi cando se realizou un maior esforzo de difusión (febreiro de 2023), e cun recordatorio a través de redes sociais e correo electrónico un mes despois (marzo de 2023).




Figura 5. Número de respostas e distribución temporal ata o 30 de agosto de 2023.

A enquisa segue estando activa, pero a efectos de este informe contabilízanse as respostas obtidas ata o mes de agosto do 2023 incluído, e neste apartado concreto, ata finais de marzo do 2023.

Das 90 respostas obtidas ata marzo de 2023, cinco persoas non aceptaron o consentimento de tratamento de datos e, polo mesmo, foron descartadas. Así mesmo, descartáronse 2 enquisas por entender que non cumprían cos criterios de NE definidos anteriormente.

Partindo das 83 respostas válidas restantes, realizouse unha primeira clasificación a fin de levar a cabo unha investigación cualitativa a

través de unha entrevista detallada a seguir. A clasificación para a posterior selección de entrevistas realizouse en torno a catro preguntas clave:

- A explotación estaba en funcionamento cando te incorporaches: si/non.
- Tes experiencia laboral previa noutro sector diferente ó agrario: si/non.

- Tes algún familiar con actividade agraria (actual ou pasada): si/non.
- Cal e á dedicación á explotación: tempo completo/tempo parcial.

Estado da explotación	Experiencia previa noutro sector	Vinculación dalgún familiar á actividade	Dedicación	Nº pers. enquisadas	Nº ideal entrevistas			
En funcionamento	Con experiencia	Si	T. Completo	6	1			
			T. Parcial	3	1			
		Non	T. Completo	4	1			
			T. Parcial	2	1			
	Sen experiencia	Si	T. Completo	2	0			
			T. Parcial	1	0			
		Non	T. Completo	0	0			
			T. Parcial	0	0			
			De nova creación	Con experiencia	Si	T. Completo	19	3
						T. Parcial	8	2
Non	T. Completo	18			4			
	T. Parcial	9			2			
Sen experiencia	Si	T. Completo		6	1			
		T. Parcial		0	0			
	Non	T. Completo		3	1			
		T. Parcial		4	1			

Táboa 1. Criterios de selección de entrevistas.

Propúxose un número de entrevistas a realizar por cada itinerario, sumando en total 18 entrevistas. A selección foi aleatoria dentro daqueles perfís que cumprían os criterios, comprobando que había representatividade dos xéneros feminino e masculino e á vez que se correspondía ás proporcións da escolma.

Finalmente conseguíronse levar a cabo 17 entrevistas semiestructuradas durante o período 28/04/2023 a 07/06/2023, a partir do deseño dun cuestionario estruturado en preguntas abertas (Anexo II), realizándoas de forma que a persoa entrevistada falase abertamente, matizando as respostas e desviándose da pregunta formulada. As cuestións a abordar discutíronse entre persoal das entidades socias, e as entrevistas foron levadas a cabo por tres persoas pertencentes ás entidades socias e empregáronse diferentes medios para realizalas: presencial, videoconferencia e resposta escrita (vía WhatsApp e/ou correo electrónico). Para a compilación da información empregouse a transcripción simultánea por parte da persoa entrevistadora no momento da entrevista, con anotacións ás marxes cando fora necesario, así como gravacións orais cando as persoas entrevistadas así o permitían.

Tendo en conta aspectos relevantes no modelo de evolución da sociedade, incluíronse na entrevista diferentes elementos que compoñen dito modelo, como son: a dimensión social e o papel e compromiso da persoa entrante na escala

social, a (bio)diversidade, o medio ambiente, a cooperación, a innovación, a autonomía. Así, cunha base neste marco, a entrevista pretendía abordar:

»**A dispoñibilidade de certos recursos iniciais**, incluíndo terras, formación, recursos financeiros e capital social (relacións con persoas ligadas ao sector, propietarios de terras, produtores, etc.).

»**Motivacións** para a incorporación á actividade agraria e expectativas e aspiracións, onde se inclúen parámetros que tamén entran en relación co compromiso social, territorial ou ambiental da persoa en cuestión.

»**Barreiras ou dificultades** atopadas á hora de incorporarse, en particular con respecto ao acceso á terra, a financiamento, a coñecementos e asesoramento, ou a outros servizos de contexto como unha vivenda e outros servizos; as dificultades técnicas, o acceso a provedores e loxística, a comercialización, normativa e burocracia, a presión social e outros factores internos derivados da anterior.

»**As actitudes e aptitudes fronte ao seu modelo de negocio**, é dicir, a importancia que lle dan no enfoque da explotación a aspectos como: a xestión dos recursos naturais e conservación do medio ambiente (incluíndo a adaptación e mitigación do cambio climático, a conservación da

biodiversidade, o mantemento da auga e o solo ou a redución do uso de enerxía); a cooperación con outros produtores, consumidores, provedores, e demais axentes; e a incorporación de novas técnicas de produción, novas tecnoloxías, novas formas de organizar o traballo e a diversificación do produto.

»O desenvolvemento do proceso de incorporación no sector, tanto a nivel de planificación como de consolidación ou establecemento no sector.

A entrevista estruturouse así en 9 bloques temáticos, que alcanzaron un total de:

»O proceso de incorporación, tratando de indagar na biografía do proceso de incorporación

» A explotación agraria a día de hoxe, a nivel produtivo, produción, calidade, etc.

»Motivacións para a incorporación á actividade agraria

» Recursos iniciais para incorporarse a actividade.

» Actitudes

» Barreiras

» Futuro

» Restrospectiva e recomendacións

» Caracterización da persoa nova entrante e da explotación: onde naceu, formación, experiencia, etc

O deseño da entrevista explícase a través da busca da saturación na información obtida. É dicir, aplícase unha metodoloxía que implica o alcance dun punto tal de saturación de información que os datos recompilados a partir dese punto xa non aportarían información ou perspectivas novas, ou o farían cunha frecuencia tal que restaría rendemento á investigación.

No primeiro bloque, a conversa iníciase cunha pregunta aberta na que, polo xeral, xa se mencionan moitas das cuestións que aborda o resto da entrevista. Así, durante o desenvolvemento da mesma van aparecendo temas de xeito recorrente, que son completados con dita información adicional. Este tipo de entrevistas, porén, poden resultar moi longas e pesadas nalgúns ocasións, polo que o alcance ou atención ás preguntas iniciais adoita ser maior que no caso das preguntas finais. Por iso, deseñouse a entrevista conforme a información máis importante para a persoa entrevistada e a investigación como se mencionaba ao inicio, deixando para o final as cuestións máis sinxelas de responder, coma a opinión de cara ao futuro e os datos persoais máis formais.



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Resultados da investigación

3. RESULTADOS

Resultados das enquisas

Como xa se indicou no apartado anterior, a área de actuación, aos efectos de caracterización de novas/os entrantes é o territorio de Galicia. Así, e tomando como referencia os datos a 30 de agosto de 2023 (93 enquisas cubertas), a **distribución espacial** das explotacións que cubriron a enquisa é a que se observa no mapa da Figura 6.




Figura 6. Distribución das explotacións que cubriron a enquisa por concellos a 30 de agosto de 2023.

Os datos obtidos mostran que un 37% das persoas enquisadas **traballan en concellos distintos ao de residencia** e, de entre estas, dous terzos correspóndense con concellos do eixo atlántico.

Un terzo das respostas correspondéronse con mulleres, fronte aos dous terzos restantes de homes.



Figura 7. Total de respostas segregads por xénero.

En canto ao **ano de incorporación** o 65% incorporouse no período comprendido entre 2017 e 2021.




Figura 8. Ano de incorporación, subdividida segundo xénero.

En canto á **idade**, máis dunha cuarta parte das persoas enquisadas tiñan máis de 40 anos ao incorporarse, é dicir, xa non eran consideradas agricultoras/es mozas/os, chegando a haber unha persoa de máis de 55. A maioría das persoas enquisadas atópanse no rango de entre os 35 e os 40 anos, cun 23% das respostas incluídas dentro do

mesmo.




Figura 9. Idade de incorporación das persoas novas entrantes – rangos de 10 anos.

A maioría (74 persoas de 87) **incorporáronse** soas como titulares da explotación, e dentro de quen se incorporaron nunha sociedade, no 50% dos casos ningunha das persoas socias tiña experiencia na agricultura/gandaría.

No relativo á **xornada laboral**, o 69% ten unha dedicación a xornada completa.

No 78% dos casos, **a explotación non estaba en funcionamento** no momento da incorporación; e soamente 39 persoas manifestaron ter recibido algunha **axuda** económica para a incorporación á actividade, fronte 54 que non.

O 80% dos casos manifestou ter **experiencia previa noutro sector** diferente ó agrario, flutuando de 1 a 35 anos e en diferentes sectores (automoción, transporte, forestal, administración, etc.). No caso dos homes, esta proporción é do 85%, mentres que entre o grupo das mulleres descende a un 63% a proporción de quen ten experiencia en sectores distintos ao agrario. Ademais, mentres no caso dos homes (para a cal hai maior representatividade) os datos están

máis dispersos, as mulleres manifestan na súa maioría ter experiencia entre durante 5 e 15 anos noutros sectores. O seguinte gráfico representa os rangos de tempo de dedicación a outro sector distinto do agrario.




Figura 10. Tempo de actividade en sectores distintos ao agrario segregado por xéneros.

En canto ó tipo de **aproveitamento** da explotación á que se incorporaron, un 51% é de produción vexetal. No caso das explotacións rexidas por mulleres, máis de dous terzos delas dedícanse á produción vexetal.




Figura 11. Tipo de aproveitamento da explotación.

A **orientación** da explotación repártese case ó 50% entre intensivo e extensivo, non habendo diferencias significativas entre xéneros, e o 53% declara que produce

segundo principios de agroecoloxía, aínda que só a metade destes contar cunha certificación. Neste caso, unha maior proporción de homes se decanta pola produción con certificación.



Figura 12. Orientación indicada.

Os resultados mostran un perfil diferente ao promedio do produtor galego, chegando a case á metade das explotacións orientadas cara á agroecoloxía. Na enquisa optouse por preguntar de forma “ampla” acerca das preferencias cara a sistemas de produción respectuosos co medio, próximas á ecolóxica pero tendo en conta tamén aquelas que non contaran con certificación. Así, durante a entrevista, atopámonos varias casuísticas: dende tres persoas que indican non poder producir ao abeiro da certificación ecolóxica por mor das plantacións lindeiras - viñedos nos tres casos- mentres un perfil indica atoparse en conversión; pasando por unha persoa en proceso de conversión; e outras seis coa certificación en marcha.




Figura 13. Modelo produtivo.





Figura 14 a. Orientación das explotacións rexidas por mulleres e 14b. Orientación das explotacións rexidas por homes.

No referente á **base territorial** das explotacións, esta varía bastante tanto na superficie como no réxime de tenza. Só un 13% manifesta non ter terras en propiedade, fronte ó 31% que ten a totalidade da superficie en réxime de propiedade. O 14% di ter o 100% en arrendamento, fronte ó 5% que ten a totalidade en cesión. O 44% non ten nada en terreos comunais, e non hai ningún

que seleccionara o 100% dos terreos neste réxime. O 67% desenvolven o seu proxecto en **terreos vinculados á unidade familiar** (Figura 16). Case o 50% afirma ter algún **familiar con actividade agraria** (actual ou pasada). Na maioría dos casos en que ocorre que se desenvolve a actividade en terreos vencellados ás terras familiares, estas son de menor tamaño. Máis dun terzo das explotacións con terreos vencellados á familia xestionan menos de 2,5 ha de superficie.




Figura 15. Réxime de tenza de terras (porcentaxe sobre o total).



Figura 16. Porcentaxe de terreos vinculados a unidade familiar sobre o total (para os 63 que manifestaron que o seu proxecto se desenvolve sobre eles).

En canto á **dedicación dentro da xornada**, arredor dun 70% dedícanse a tempo completo á explotación, o cal coincide cos datos a nivel europeo (75%). Segundo a literatura, en moitos casos por mor do baixo valor de ingresos nos primeiros anos (ou da renda xerada), as persoas NE adoitan

combinar o traballo nas granxas con outros empregos, entrando no sector agrario traballando a media xornada antes de que a rendibilidade sexa a suficiente. Ao mesmo tempo, tamén pode darse o caso de que exista a intención de manterse nesa media xornada, combinando con outra ocupación complementaria; ou que mesmamente non haxa un obxectivo principal de facer a explotación viable, senón que a actividade se faga máis coma un hobby, sen esperar obter grandes beneficios ou gañarse a vida con iso, tratando de facer da agricultura o seu estilo de vida. Doutra banda, soamente a metade da mostra obtén un 100% da súa renda coa actividade agraria. Isto dinos que tempo e ingresos non se corresponden, cando menos, nunha parte da mostra.

O 25% indicou que a **porcentaxe de ingresos** que supón a súa actividade agraria con respecto ós ingresos totais sitúase no rango de entre 0 e 25%. Inda que as explotacións con menos ingresos se atopen no último ano de incorporación, o certo é que nos anos anteriores as proporcións de explotacións con ingresos por debaixo do 25% non descende. Nalgúns casos pode ocorrer que esta estea a comezar a andar e que non teña a capacidade suficiente polo momento de ser rendible; que a actividade agraria sexa complementaria e que a maioría dos ingresos se obteñan da outra actividade; que a viabilidade da explotación non sexa suficiente, ou que, de acordo co anteriormente indicado, soamente se dediquen á actividade como un entretemento e non unha actividade comercial.



Figura 17. Porcentaxe de ingresos sobre os ingresos totais.

Resultados das entrevistas

No referente á posterior investigación cualitativa, leváronse a cabo 17 entrevistas semiestructuradas durante o período 28/04/2023 a 07/06/2023, a partir do deseño dun cuestionario organizado (ver anexo b), pero con preguntas abertas de forma que as respostas se van desviando da pregunta formulada, que acaban reincidento en temas abordados noutras seccións da mesma entrevista.

A batería de preguntas estruturouse nos seguintes 9 bloques:

»Proceso de incorporación

Neste bloque tratouse de indagar na **biografía** da persoa entrante **durante o proceso de planificación ata a incorporación**. Composto por dúas preguntas abertas, buscouse nas persoas entrevistadas un relato de como foi a **maduración da idea**, as súas fontes de inspiración, o contexto social, a preparación do proxecto e o posterior período de establecemento, rematando co estado actual.

As respostas foron diversas, pero todas comparten algunha das seguintes motivacións:

- Cambio no estilo de vida e/ou mellora da conciliación.
- Busca dunha alternativa á perda de traballo.
- Gusto pola terra e/ou aproveitamento de terreos familiares.

En canto ó proceso de **planificación**, tamén hai dúas vertentes:

- Iniciaron a actividade sen un proceso previo de planificación, e na maioría dos casos en modo de proba para ver como funcionaba a explotación.
- Contaron con asesoramento externo dalgún tipo, vía cooperativa, entidade de formación, etc.

Ó ser preguntadas polo momento en que se atopa a explotación, 7 persoas manifestan que están aínda nun proceso de establecemento; outras 7 que están consolidadas en maior ou menor medida; e só 3 se atopan nunha fase de expansión do negocio.

»Explotación agraria a día de hoxe

Neste bloque indágase acerca do que se produce, base territorial, modelo produtivo, esquemas de calidade, etc.

En canto á **producción** ou producións principais da explotación, a maioría, tal e como ocorre no total da mostra, dedícanse á horta ben sexa convencional ben ecolóxica, e entrevístase a tres persoas con explotacións unicamente animais.

As producións hortícolas máis mencionadas son o pemento de padrón, leituga, grelo e tomate, que se producen de forma case exclusiva ou para complementar unha produción vexetal principal como a pataca, cereal ou xudía. En relación ás producións animais exclusivas trátase de unha explotación ovina, unha de cabrún e unha de vacún. As producións mixtas inclúen produción avícola de carne e/ou ovos, que se adoitan acompañar de producións frutícolas. E a produción de uva é para vinificación, en concreto no territorio de influencia da IXP Terra de Betanzos.




Figura 18. Clasificación das explotacións e función da súa produción principal.

Doce das NE teñen dedicación á explotación a tempo completo, e cinco a tempo parcial.

O proxecto TERRACTIVA trata de ofrecer unhas ferramentas tal que faciliten a dispoñibilidade de recursos para as persoas novas entrantes, por iso é importante coñecer cales son os **servizos** dos que fan uso estas persoas e se teñen ou non dispoñibilidade deles na súa contorna. A fin de dar resposta a ditas cuestións, o cuestionario incluíu unha pregunta sobre os servizos externos empregados ou mesmo contratados. Das 17 persoas entrevistadas, catro responderon

non empregar servizos ou persoal externos, manifestando ao mesmo tempo a ausencia de man de obra dispoñible. No caso das persoas que si indicaron ter contratado ou solicitado servizos externos, estes incluiron: contratación de maquinaria para o laboreo, unha xestora de residuos para a elaboración de compostaxe, servizos veterinarios e de aconsellamento e xestoría. Na maioría dos casos trátase de servizos contratados, pero moitas veces tamén se fai referencia a acordos informais entre a veciñanza (“ti árasme a terra e eu axúdoche a apañar as patacas”).

A maioría **non transforma** a produción e, de quen manifestan facelo, só un ten as instalacións precisas, mentres o resto di que só transforma os excedentes apoiándose en terceiros ou de maneira artesanal, non para comercializar baixo etiquetado.

A actividade desenvolta supón o 100% dos **ingresos** familiares só no 24% dos entrevistados; para máis da metade, a proporción de ingresos está por debaixo do 30%. Isto débese a que moitos están en proceso de establecemento dos negocios, cubrindo custos de inversións iniciais, e noutros casos trátase de actividades que non pretenden ser un negocio principal, ben dende un principio ben a partir do momento en que se ve que non é posible. No caso de tres mulleres, manteñen ingresos de traballos anteriores que seguen a practicar.

»Motivacións para a incorporación á actividade agraria

Este bloque iníciase cunha pregunta aberta “Cal foi a motivación para a

incorporación?”. As respostas centráronse en catro temas fundamentais, nalgúns casos un solo e, noutros, unha combinación de varios: o **gusto pola terra** (1), buscar un **cambio de vida** orientado á conciliación (2), a **recuperación das terras** (3) e **quedar sen traballo** (4). Na maioría dos casos coinciden nunha etapa transitoria noutro sector e nun momento vital concreto decátanse de que a agricultura/gandería é o que realmente lles atrae ou, incluso, é unha responsabilidade que sinten deben asumir. Tamén coinciden na oportunidade que lles ofrece un traballo autónomo na conciliación familiar (tres mulleres indican de forma explícita a posibilidade de conciliar que ofrece o traballo na agricultura, en especial as persoas con fillos e fillas).

Seguidamente, tentando afondar nas **motivacións**, propoñíase unha batería de opcións e pedíase que seleccionaran as tres de maior importancia. Neste caso incluíanse motivacións recollidas na literatura como as máis mencionadas polas persoas novas entrantes no resto do continente, nomeadamente: xerar rendas complementarias ou totais; manter o patrimonio familiar e en particular as terras herdadas; producir alimentos propios; o estilo de vida no senso do gusto pola terra; motivacións de corte ambiental; aspiracións culturais e/ou sociais incluíndo o apego ao territorio, ás raíces familiares e ao compromiso social; a independencia laboral; a dispoñibilidade dunha vivenda próxima a onde se desenvolve o negocio; e outras. As respostas obtidas con maior frecuencia foron o estilo de vida no senso do gusto pola terra e a independencia laboral.




Figura 19. Clasificación das explotacións en función da súa produción principal.

En canto ao **modelo produtivo e de negocio**, este veu en moitos casos condicionado pola comercialización (pertenza a unha cooperativa por exemplo). No referente ás vías de comercialización: no caso de tres produtores de horta, vendían todo a través de Horsal ao ser socios da cooperativa, á que se suma unha cuarta produtora que tamén vende a través de cooperativa; no resto dos casos, a persoa que se dedica á venda de viño faino a través de distribuidores; e os que se dedican á produción animal, a través de tratantes ou canles de venda de circuíto corto. O resto optan tamén pola venda directa como opción principal, con fórmulas como a venda en liña, en mercados, unha persoa incluso a través dun sistema de ASC (Agricultura Sostida pola Comunidade, CSA en inglés), entre outras.

Respecto á **localización da explotación**, o acceso á terra (sexa en propiedade, arrendamento ou cesión) é para as persoas entrevistadas o condicionante maioritario cando se relaciona coa proximidade á vivenda habitual.

En relación ás **necesidades iniciais**, en particular a terra, a maioría non tiña uns obxectivos iniciais claros ou non tiña maiores

condicionantes no referente a ela. Noutros casos en que si se tiña aparentemente claro cales eran as necesidades, as decisións finalmente tomadas cando se ven con perspectiva maniféstanse como erradas, en especial en canto a tamaño e calidade obtida.

»Recursos iniciais para incorporarse á actividade

En canto aos recursos, máis do 60% dos NE xa contaban con **terras** cando decidiron incorporarse.



**ENTRANTES QUE
XA CONTAN
CON TERRAS**

Varios entrevistados manifestaron que inicialmente non tiñan moi claro canta terra precisaban, a maioría adaptándose á que tiñan de herdanzas ou lles cederon, e foi durante o proceso de produción cando viron a necesidade de ampliar ou cambiar de terreo porque non cumpría cos requirimentos de produción (falta de auga, pouca calidade de solo, etc.).



**ENTRANTES QUE
NON CONTAN
CON TERRAS**

No tocante á **formación**, case a metade manifesta non ter formación no momento de iniciar actividade, e ser autodidactas ou realizar consultas e ver tutoriais en internet. En concreto, 8 persoas mencionan explicitamente como útil a aprendizaxe en liña; outras 3, a través da cooperativa; mentres que 6 indican ter atendido a cursos privados – unha persoa indica que, en moitos casos, pagando “unha pasta”-. Manifestan tamén que esa formación é cada vez máis accesible, e que moitas entidades poñen cursos a disposición, como as cooperativas ou entidades públicas, ademais do curso de capacitación, que tamén se indica como menos útil. Porén, unha persoa entrevistada indica que as formacións obrigatorias para a capacitación foron inútiles e outras tres, que están moi orientadas cara á gandería e á produción convencional, polo que para o seu plan non foi útil. Entre as persoas entrevistadas hai, doutra banda, unha persoa con formación en enxeñería agrícola e outra en bioloxía.

Unha das persoas entrevistas conta con unha discapacidade auditiva. Apunta que as formacións e moitos dos recursos dispoñibles non son accesibles para persoas coas súas mesmas características.

Ante a pregunta de se contaban con **recursos financeiros** para iniciar a actividade, 13 NE dixerón contar con aforros propios. Se tiveron/teñen algún tipo de axuda 11 manifestaron que si. Preguntados polo apoio recibido destaca o apoio de familiares e/ou coñecidos seguido de outras entidades (sindicatos, asociacións, etc.). Tamén destacaron ós socios, outros produtores e

canle de comercialización (cooperativa fundamentalmente).


»Barreiras atopadas

A **burocracia e normativa**, xunto coa mala definición da **estratexia empresarial** son o que máis destacan os NE como barreiras. Neste ultimo caso, con diversidade de motivos: dende minorar excesivamente a inversión, non coñecer tan ben como se presupoñía o ciclo de produción, ou a terra que se está a empregar. É dicir, a falta de formación ou coñecemento financeiro e/ou comercial provocaron estas situacións ao medio prazo que se convertiron en atrancos e imprevistos.



Jose Luis Bouzón Beade reflexiona ao respecto, indicando que, se ben a problemática pode residir en acceder a terras de persoas emigradas, no caso das persoas maiores que inda residen en Galicia, ao seu parecer, agora hai maior predisposición a ceder as terras para que se manteñan en funcionamento.

No seguinte gráfico representase de 1 (pouca) a 5 (moita) a dificultade que lle supuxeron nos 3-4 primeiros anos os seguintes aspectos para iniciar a actividade:



Táboa 2. Clasificación das dificultades no inicio da actividade (1-pouca dificultad; 5-moita dificultad).

A **importancia relativa das barreiras** foi cambiando ó longo dos anos para a maioría (11 dos 17), destacando as dificultades para atopar man de obra e de acceso a terra (sobre todo, terra de calidade), 3 din que non, aínda que manifestan que ó contar con maior experiencia xestiónano mellor, e outros 3 non saben /non contestan.

Neste bloque tamén se abordan os principais **apoios** para superar as dificultades identificadas, a familia é a resposta maioritaria, xunto con outras entidades varias: Cooperativa, Asociacións, e algunha OAC. Sen o seu apoio perciben que o proceso sería máis difícil e máis lento.

»Actitudes

Este bloque orientouse a coñecer o **enfoque da explotación** no tocante á xestión dos recursos naturais e conservación do medio

ambiente, cooperación e incorporación de innovación. Pedindo ós entrevistados que valorasen do 1 (pouca) ao 5 (moita) a importancia que lle daban na explotación a diferentes aspectos que se detallan a continuación.

Xestión dos recursos naturais e conservación do medio ambiente:	1 (pouca importancia)	2	3	4	5 (moita importancia)	NS/NC
Adaptación ao cambio climático	0	1	0	4	11	1
Mitigación do cambio climático	0	1	2	2	11	1
Conservación da biodiversidade	1	1	0	1	13	1
Manter a saúde do solo	2	0	0	1	13	1
Conservar a auga	1	0	0	1	14	1
Reducir o uso de enerxía	2	1	2	2	9	1

Cooperación	1 (pouca importancia)	2	3	4	5 (moita importancia)	NS/NC
Colaborar con outros produtores	1	0	4	4	6	2
Cooperar con consumidores, provedores, transformadores	0	0	3	4	7	3
Colaborar con outras persoas ou organización do teu territorio	1	1	3	3	6	3

Incorporación da innovación	1 (pouca importancia)	2	3	4	5 (moita importancia)	NS/NC
Novas técnicas de produción	1	1	2	0	9	4
Novas tecnoloxías	3	3	0	0	6	5
Diversificación da produción	2	1	1	2	7	4
Novas formas de organizar o traballo	2	1	3	1	6	4

Táboa 3. Número de respostas por puntuación ó enfoque da explotación en cada un dos aspectos (xestión de recursos, cooperación e incorporación da innovación).

Como se pode ver na Táboa 3, no bloque de xestión dos recursos naturais e conservación do medio ambiente, a conservación da auga seguida da saúde do solo e conservación da biodiversidade son os aspectos que máis se destacan, xa non so por bloque se non tamén entre tódolos bloques. No bloque de corte máis social considérase máis a cooperación con consumidores, provedores e/ou transformadores; e no bloque de innovación, á aplicación de novas técnicas de produción.

De forma explícita as persoas entrevistadas insisten, no caso de unha delas, na cooperación, a difusión e a innovación como aspectos clave na súa explotación; mentres que outra especifica que a base do seu modelo é a conservación do solo.

»Futuro

Cando se pregunta acerca da visión a futuro da explotación, a primeira reacción é de incerteza case de forma xeralizada, e posteriormente adoitan optar polo optimismo.

Investigouse acerca de como as persoas novas entrantes perciben o futuro en 5 anos no referente ao tamaño da explotación, tipo de produción, comercialización ou organización do traballo. Máis dun terzo das entrevistadas vese medrando en produción, un cuarto incrementando o persoal da explotación, e algunhas facendo transformación do produto. O resto busca **diversificar, deslocalizar a produción, sendo máis eficiente en canto e recursos e tempo**. Unha persoa vese igual que está agora.

En canto ós principais **retos**, en particular relacionados con respecto á terra en termos de superficie, algunhas consideran que teñen suficiente e que, en caso de precisala, non terían dificultades para acceder a ela (“hai moita xente maior traballando que dentro duns anos terá que se retirar”, creo que podo aumentar sen problema, é unha zona moi envellecida e despoboadá”); están quen buscan manter a superficie pero cambiar a parcelas de maior calidade; e quen precisan/precisarán máis superficie e ven difícil atopala ou precisan formalizar os alugueiros ou cesións para poder acceder a axudas ou certificacións, por exemplo, do CRAEGA (“é moi complicado, a explotación está rodeada de eucaliptos”). Outro reto que destacan é o de atopar **persoal** para traballar na explotación.

»Retrospectiva e recomendacións

Neste bloque pregúntase acerca das **aprendizaxes** no proceso de iniciar a actividade, se cambiarían algo do que fixeron e que recomendacións lles darían a alguén que quere comezar a actividade agraria.

Sobre as aprendizaxes as respostas son diversas, descubrir que a terra hai que mimala, non subestimar ós custos (non investir en maquinaria ó principio, ter boa dimensión do que se precisa, etc.) e a burocracia, aprender dos erros e ser conscientes de que as cousas poden ir mal, ter calma e identificar uns obxectivos claros, a ignorancia da sociedade sobre o que significa ser labrego/a (esforzo persoal, horas de dedicación), a necesidade de integrarse no tecido local e o descubrimento de que se

poden facer as cousas cun modelo alternativo e respectuoso.

Sobre si cambiarían algo ou non, case o 50% volvería a repetir o proceso sen cambiar nada, aínda que algún afirma que tivo que superar dificultades, e o outro 50% si realizaría cambios, facendo unha mellor planificación (das inversións, da solicitude de axudas, da localización e calidade das terras e incluso do proceso produtivo).

No tocante ás **recomendacións** a outras persoas entrantes, as entrevistadas coinciden en que incluírían como suxerencias:

- » **Que se informen e planifiquen** (tanto na calidade que precisan das terras, como no tocante as inversións, non endebedarse en demasía), apoiarse nunha rede de xente que xa ten experiencia para inspirarse e crear sinerxías pode ser moi efectivo.
- » **Que non se queden no sector se non lles gusta.**
- » **Que se formen.**
- » **Que sexan conscientes de que hai que dedicar moito tempo e que ser require paciencia, moitos factores non se poden controlar.**
- » **Que se integren na sociedade rural, na comunidade, que non se illen.**

»Caracterización da persoa nova entrante e da explotación

Neste bloque indágase aspectos como o lugar de nacemento, formación, experiencia...

A maioría manifesta ter tido contacto **previo coa actividade** agraria, ben sexa por formación ou lazos familiares (avós, tíos...), aínda que unha minoría respondeu que non. Nun caso, a través de voluntariados.

A situación familiar é diversa pero a maioría teñen parella (13) e/ou descendentes (10) ó cargo.

Oito persoas teñen formación universitaria non relacionada coa agronomía, ó igual que sucede cos catro que contan con ciclo medio de formación profesional. Doce persoas entrevistadas teñen experiencia laboral previa non relacionada directamente co sector agrario (electricidade, banca, dependenta, cine, marisqueo, etc.). Das persoas entrevistadas, unha ten formación específica en enxeñería agrícola e outra en bioloxía.



Entón... que podemos de quen entra no sector agrario galego?

Segundo as fontes de información analizadas con anterioridade á investigación, a proporción de mulleres entrantes en Europa superaba á de homes. Porén, os datos obtidos poden non ser representativos e verse nesgados porque as mulleres novas entrantes se sintan infrarrepresentadas, que non se consideren dentro do sector, e por iso non aparezan nas estatísticas; ou sobrerrepresentadas, cando acceden a incorporarse a explotacións de xeito estratéxico a través de, por exemplo, a titularidade compartida ou tras unha xubilación para acceder a determinadas axudas de incorporación ou pensións.

En Europa a granxa media liderada por mulleres novas entrantes adoita ser de menor tamaño, en concreto contando con practicamente a metade de superficie en comparación con aquela liderada polos homes. Isto tamén se observa nos datos obtidos e pode haber varias razóns que o expliquen, como a preferencia de proxenitores por fillos varóns. As mulleres tamén adoitan, segundo a literatura, tender a producións máis respectuosas co medio, prácticas máis sostíbeis e tipos de agricultura alternativos; porén, esta relación non se observa nos datos obtidos, habendo bastante paridade entre explotacións dirixidas por homes e mulleres que indiquen traballar baixo principios de agroecoloxía. Así pois, as razóns polas cales as explotacións da mostra lideradas por mulleres sexan máis pequenas, que tamén se relaciona coas producións xa que elas tenden máis á produción hortícola ca animal, son moi variables para obter unha conclusión única. De forma explícita, unha

gandeira indica que ser muller gandeira en Galicia é un hándicap; outra indica que nas assembleas da comunidade de montes non se sentía incluída a pesar de ser comuneira, polo feito de ser muller.



O contexto galego

Estruturas de propiedade

A propiedade fragmentada en Galicia plantexa retos e ofrece oportunidades para as persoas NE

A metade dos resultados obtidos son de persoas que se incorporaron nos cinco anos anteriores ao da enquisa, pero non temos datos de persoas que, incorporándose nos últimos dez anos, cesaran a actividade antes de marzo de 2023 (cando se lanzou a enquisa), e por iso non podemos saber a taxa de éxito das NE.

Inda que grande parte das persoas caracterizadas eran menores de corenta anos,

un cuarto dos homes e un 35% das mulleres se incorporaron á explotación con máis de corenta anos, o que os fai non elixibles como agricultores mozos e, polo tanto, non beneficiarios da axuda a estes destinada. Actualmente, o Anexo Territorial do PEPAC para Galicia incorpora unha axuda para o establecemento de agricultores novos entre 41 e 50 anos de idade, destacando a importancia as persoas NE que queren incorporarse nese momento á agricultura e que, queda demostrado pola mostra, non son unha minoría.

Menos da metade das persoas enquisadas tiveron acceso a axudas durante o proceso de incorporación ou para o establecemento dalgún elemento relativo á explotación. Este dato pode indicar ben que non se deu a oportunidade de acceder a ningún subsidio por determinados condicionantes non cumpridos; ben que se tivo medo ou non suficiente interese en acceder por mor dos requisitos que as mesmas axudas supoñen; ou ben por descoñecemento das posibilidades de acceder a elas. Tendo en conta a nova liña de axudas dirixida a novos/as agricultores/as, unha terceira parte máis das persoas enquisadas poderían ter acceso a este subsidio, ademais de un acompañamento durante o proceso de incorporación e establecemento no sector.

En Europa, o emprego agrario descendeu entre 2010 e 2019 nun 17,1%, que contrasta con un aumento no 7,5% cando falamos de emprego en xeral. A metade das persoas na mostra incorporáronse nos últimos 5 anos pero, ao non ter datos de persoas que se incorporaran neses anos ou máis atrás, non podemos determinar que as persoas NE

teñan ou non unha alta permanencia no sector. Este nesgo impide afirmar que haxa ou non un ascenso na empregabilidade nos últimos anos para este perfil.

Os casos de persoas que traballan en concellos distintos do de residencia adoitan corresponderse cos do leste da comunidade, que son concellos máis pequenos e máis densamente poboados. O eixo atlántico en Galicia caracterízase por unha ampla rede de áreas peri-urbanas que permiten acceder a terras en pequenas dimensións e acceder a mercados locais e aos potenciais consumidores de forma directa, así como a unha maior variedade de servizos agrarios ou técnicos e unha maior oferta de suministros. Isto explica que, aínda en concellos para os cales os prezos por superficie son maiores e as parcelas máis reducidas en superficie, a densidade de explotacións é maior.



As persoas novas entrantes proceden, con frecuencia, de entornos urbanos

A pesar disto, moitas NE atópanse en territorios distintos dos de maior actividade agraria. Cando a situación implica un cambio de residencia, o acceso á vivenda é un reto para as persoas que queren acceder ao sector como titulares, inda que tamén para as persoas traballadoras (o cal tamén afecta a xefas e xefes de explotación directamente ao ter menos posibilidades de dispoñer destas traballadoras). Esta dificultade pode ser tamén un dos motivos polos cales non se resida no mesmo concello da explotación. A deslocalización da vivenda e o lugar de traballo outorgan un menor contacto coas explotacións ou vivendas lindeiras, e coas persoas que conforman a área de influencia da explotación, pero tamén unha maior privacidade e unha separación entre dita vida privada e a laboral.

A maior parte dos casos procedían de áreas distintas de onde desenvolven a súa actividade agraria. Hai casos nos cales se escollen zonas afastadas das urbanas con motivo dos baixos prezos de compra ou aluguer – tanto de terras como de vivenda-. Por esta razón, estes perfís tamén supoñen unha mellora para a sustentabilidade tanto ambiental como social das zonas rurais, ao recuperar terreos e repoboar zonas en risco

de abandono, recuperando tamén nalgúns casos prácticas tradicionais. Por exemplo, un dos perfís entrevistados que procedía de fóra de Galicia aterrou nunha área rural de Ourense para alí facer uso de unha nave de muxido en desuso e dun monte en man común tamén infrautilizado/infraxestionado.



María Jesús Crespo, nova entrante en Feás, Aranga, so dispón de 0.5 ha ao redor da vivenda. Todo o demais son parcelas cedidas de maneira informal. Para ela 'o acceso á terra é moi complicado, hai unha forte competencia cos eucaliptos, mesmo con plantacións ilegais'. Considera que o MVMC da súa parroquia podería ser unha oportunidade para novos proxectos, aínda que plasmala é complexo.

En relación á procedencia e cos datos requiridos nas enquisas non se pode determinar se se trata de persoas que se moven a zonas rurais con procedencia urbana (back-to-the-landers); se contan con procedencia urbana e se quedan en zonas urbanas ou rururbanas; ou se proceden de zonas rururbanas ou rurais e quedan nas mesmas, pero sabemos que case a metade das



María José Crespo, o seu can e parte do rabaño.

persoas enquisadas contan con vínculos familiares no sector agrario. Durante as entrevistas, a metade das persoas indican non ter unha relación co lugar da empresa agraria previa á creación da mesma. Obtéñense tamén un total de 14 perfís de 17 que nalgún momento da súa vida tiveron contacto co sector agrario. Mencionan sobre todo a casa de crianza, a infancia e os avós.




Figura 4. Ratio titulares catastrais/habitante por municipio.

Fonte: E.P. a partir de datos da Dirección Xeral do Catastro e IGE (2023).

No caso das mulleres enquisadas que se incorporan sen experiencia previa, non indican ningún parentesco con algún socio nin tampouco que a actividade se desenvolva en terreos das súas parellas. Isto indica que se incorporan de maneira independente a calquera relación matrimonial, algo que certamente difire da tendencia da agricultura familiar tradicional. Trala entrevista, conséntase que estas persoas levan a cabo os seus negocios de forma independente ás súas parellas, inda que en ocasións existe a expectativa de incorporalas cando se acada certa estabilidade.

Pola mesma, e como ocorría noutras rexións europeas, grande parte das enquisadas traballaban na granxa a tempo parcial, ben porque mantiñan traballos anteriores, ben por necesidade de aumentar ou complementar os ingresos agrarios.

A través da enquisa, obtemos que a metade das NE obteñen un 100% das súas rendas da actividade agraria, mentres que no resto de casos se da un gradiente que baixa ata a nula rendibilidade. Unha das enquisadas manifesta que lle gustaría alcanzar que a actividade agraria supuxese o 50% da renda, é dicir, non ten expectativas de dedicarse en exclusividade ao proxecto. Naquelas en que os ingresos son menores do 30%, esperan poder aumentar os ingresos nos seguintes anos, ben por cobros de axudas da PAC, ben por aumento de vendas de produción ou de almacenados.

Mentres o censo agrario de 2020 mostra que aproximadamente un 5% das explotacións son persoas xurídicas, os datos obtidos parecen indicar que as novas incorporacións se decantan máis por esta opción e que, polo tanto, non están na media da forma xurídica elixida.

Menos dun quinto da mostra se incorporou a unha explotación existente, e destes, soamente dúas persoas se incorporaron a explotacións de persoas de fóra da familia. Tal e como se indica ao inicio deste documento, en Galicia tanto o número de explotacións como a superficie agraria útil veñen descendendo nas última décadas, o cal é indubidablemente un prexuízo para o sector agrario galego, pero pode ser para as persoas NE unha oportunidade de

incorporarse, sobre todo cando se trata de relevar explotacións cunha infraestrutura establecida e viable.



A pesar da xa mencionada na introdución deste documento descendencia no número de explotacións, non existe unha aposta polo aproveitamento de ditas explotacións existentes por parte das persoas que se incorporar de fóra, cando é unha grande oportunidade para manter o tecido agrario galego e ofrecer unhas instalacións existentes ás persoas carentes delas, así como unha rede de contactos e o resto de multitude de coñecementos das persoas que xa xestionan dita explotación. Esta fórmula inda así pode contraer moitas máis dificultades a nivel persoal que a creación dunha nova explotación, pero permite acceder a unhas infraestruturas xa existentes e mesmo a unha rede de contactos xa creada, incluíndo clientela, servizos agrarios, mercados, etc.

Os tipos de aproveitamento máis frecuentes obtidos na investigación coinciden cos indicados pola literatura: a produción hortícola e a gandería de pequenos ruminantes destinados á produción de carne, que ademais adoitan apostar por producir

baixo principios de agroecoloxía. A pesar de que a horta é máis intensiva en man de obra, a terra e as inversións iniciais aumentan cando se trata de producións animais, polo que isto pode ser un factor determinante de selección, ademais de que nas zonas onde se obtén que predomina a horticultura, o territorio está inda máis fragmentado e é máis complicado acceder a parcelas agregadas. Cando falamos de horticultura, en practicamente todas as explotacións hai unha grande variedade de produtos cultivados, para poder diversificar no mercado e desestacionalizar os ingresos e a produción. As explotacións de produción mixta combinan horta con, sobre todo, galiñas de ovos e, ás veces, pequenos ruminantes.

Un 55% das explotacións de aproveitamento hortícola do inquérito producen baixo principios de agroecoloxía. Ademais, a produción mixta, tendo en conta a aposta polos mercados de proximidade deste tipo de perfil, pode ser froito de, por unha parte, unha estratexia de atracción dun comprador ao ofrecer varios produtos ao mesmo tempo, igual ca unha estratexia diversificadora de atracción dun maior número de consumidoras/es, inda que tamén correspondan con estratexias agronómicas de diversificación de cultivos para a mellora no manexo e usos do solo. En xeral as labores de diversificación véñense dando por mulleres, ben nunha granxa familiar, ben en proxectos de emprendemento que adoitan combinar a produción coa transformación das materias primas producidas. A diversificación permite, entre outras, mellorar a viabilidade económica das explotacións, creando novas fontes de ingresos; valorizar a explotación; aumentar a resiliencia desta; valorizar ou

contribuír á identidade local e incluso á revitalización social das áreas rurais (Pinto-Correia et al., 2012). Porén, nas entrevistas, inda que no caso do perfil produtor de leite, si pretende transformar nun futuro a súa produción, as preferencias non van cara á transformación. Isto pode deberse ben á necesidade de involucrarse nunha inversión novamente alta, ou en falta de tempo e/ou persoal para engadir unha serie de actividades máis á lista.

Tal e como mostran os resultados, compróbase que, ao igual que ocorre no resto do continente, as persoas entrantes no sector en Galicia tamén mostran unha alta sensibilidade ambiental, apostando pola certificación do órgano certificador galego CRAEGA, e indicando unha alta preocupación pola conservación da auga, o solo e a biodiversidade nas súas prácticas agrícolas. Ademais, de forma explícita un entrevistado e a súa parella indican “crer noutra forma de vida de respecto pola natureza”. A responsabilidade social destes perfís tamén se observa nunha alta tendencia á preservación das herdanzas ou da terra. As apostas pola diferenciación danse tamén a través doutros distintivos de calidade, que ademais se corresponden na maioría dos casos con persoas que anteriormente traballaran en sectores distintos do agrario.

Non existe consenso sobre se o acceso á terra foi dos maiores atrancos, habendo perfís que si indican que o acceso á terra en cantidade e calidade supuxo moito esforzo, tanto ao inicio como á hora de querer ampliar superficie. Polo xeral, ao non contar con un plan a medio

ou longo prazo, as persoas que non consideraron un atranco no acceso á terra, tampouco ven que vaia ser un problema querer aumentar a superficie.

O tamaño da explotación da mostra correspóndese coa media de explotación a nivel estatal, estando máis da metade por debaixo das 5 hectáreas de superficie. Atópase certa relación entre o desenvolvemento de actividades en terras en propiedade e a menor base territorial. En canto á propiedade, a proporción de terras en propiedade, inda que tendo en conta o anteriormente dito, é alta. Nos casos de aluguer, o número de respostas redúcese, o cal contrasta coa tendencia das explotacións máis grandes en Galicia, que contan con unha media dun 70% de terras en aluguer.



“Ter parcelas pequenas e dispersas dificulta os traballos como a loita contra a velutina, o xabaril ou paxaros, o cal fai que mermen as producións, e é un atranco incluso para a certificación en ecolóxico”. José Luis Bouzón Beade,

Inda que haxa experiencias non positivas en relación ás terras comunais por parte de unha persoa entrevistada, no caso doutra a oportunidade si que foi favorable ao supoñer a dispoñibilidade de máis de 200 ha de terreos de pasto. Isto constata o valor dos montes comunais como base territorial útil para a actividade agraria (eminentemente gandeira) e, doutra banda, a utilidade de dita actividade como oferente de un servizo de xestión do mesmo monte.



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Bibliografía

4. BIBLIOGRAFÍA

- Creaney, R., Hasler, H., e Sutherland, L. A. (2023). What's in a Name? Defining New Entrants to Farming. *EuroChoices*, 22(1), 58–65. <https://doi.org/10.1111/1746-692X.12382>
- EIP-Agri. (2016). *EIP-AGRI Focus Group New entrants into farming: lessons to foster innovation and entrepreneurship. Final Report*. https://ec.europa.eu/eip/agriculture/sites/default/files/eip-agri_fg_new_entrants_final_report_2016_en.pdf
- Ministerio de Agricultura, P. y A. (2021). *Plan estratégico de la PAC de España 2023-2027. Versión 2.1*. https://www.mapa.gob.es/es/pac/pac-2023-2027/plan-estrategico-v21_tcm30-659518.pdf
- Mckee, A., Sutherland, L.-A., Hopkins, J., Flanigan, S., e The, J. (2018). *Increasing the Availability of Farmland for New Entrants to Agriculture in Scotland. Final report to the Scottish Land Commission*.
- Monllor, N. (2012). *Farm entry: a comparative analysis of young farmers, their pathways, attitudes and practices in Ontario (Canada) and Catalunya (Spain). Final Report*. www.lacsb.cat
- Monllor i Rico, N., e Fuller, A. M. (2016). Newcomers to farming: Towards a new rurality in Europe. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 62(3), 531–551. <https://doi.org/10.5565/rev/dag.376>
- Pindado, E., Sánchez, M., Verstegen, J. A. A. M., e Lans, T. (2018). Searching for the entrepreneurs among new entrants in European Agriculture: the role of human and social capital. *Land Use Policy*, 77, 19–30. <https://doi.org/10.1016/j.landusepol.2018.05.014>
- Pinto-Correia, T., Gonzalez, C., Sutherland, L.-A. and Peneva, M., 2015. *Countryside consumption: transition towards lifestyle land management*. In: Sutherland, L.-A., Darnhofer, I., Zagata, L. and Wilson, G.A. (eds) *Transition pathways towards sustainability in European agriculture*. CABI, Wallingford, UK, pp. 69-84.
- Rech, L. R., Binotto, E., Cremon, T., e Bunsit, T. (2021). What are the options for farm succession? Models for farm business continuity. *Journal of Rural Studies* (Vol. 88, pp. 272–278). Elsevier Ltd. <https://doi.org/10.1016/j.jrurstud.2021.09.022>

- Sutherland, L. A. (2023). Who do we want our ‘new generation’ of farmers to be? The need for demographic reform in European agriculture. In *Agricultural and Food Economics* (Vol. 11, Issue 1). Springer Science and Business Media Deutschland GmbH. <https://doi.org/10.1186/s40100-023-00244-z>
- Sutherland, L. A., e Calo, A. (2020). Assemblage and the ‘good farmer’: New entrants to crofting in Scotland. *Journal of Rural Studies*, 80, 532–542. <https://doi.org/10.1016/j.jrurstud.2020.10.038>
- Sutherland, L.-A., e Zagata, L. (2014). *Young Farmers and New Entrants: Contributing to Transition Processes Towards Sustainability of Agriculture in Europe*. www.farmpath.eu
- Williams, F. (2006). *Barriers Facing New Entrants to Farming-an Emphasis on Policy*. <https://www.researchgate.net/publication/237337400>
- Žabko, O., e Tisenkopfs, T. (2022). New Entrants Need Tailored Farm Advice. *EuroChoices*, 21(1), 63–69. <https://doi.org/10.1111/1746-692X.12349>
- Zagata, L., e Lostak, M. (2013). *Farming Transitions: Pathways Towards Regional Sustainability of Agriculture in Europe. Final Report*. www.farmpath.eu
- Zagata, L., e Sutherland, L. A. (2015). Deconstructing the “young farmer problem in Europe”: Towards a research agenda. *Journal of Rural Studies*, 38, 39–51. <https://doi.org/10.1016/j.jrurstud.2015.01.003>



TERRACTIVA
GRUPO OPERATIVO



Anexos

ANEXO I. Entidades contactadas para colaborar coa identificación de novas e novos entrantes

LISTADO DE ENTIDADES QUE PODEN CONTRIBUÍR A LOCALIZAR NOVAS/OS ENTRANTES	
Asociación de Asesores Rurais de Galicia	IXP Betanzos
AGACA (Asoc. Galega de Cooperativas Agroalimentarias)	IXP Ribeiras do Morrazo
Rede EUSUMO	IXP Val do Miño - Ourense
Programas de emprendemento e Polos de emprendemento e apoio ao emprego	IX Licor Café de Galicia
GDRs (Grupos de Desenvolvemento Rural)	IX Licor de Herbas de Galicia
AGADER (Asociación Galega de Desenvolvemento Rural)	IX Orujo de Galicia/Aguardente de Galicia
ASOPORCEL (Asoc. de Criadores de Raza Porcina Celta)	IX Agardente de Herbas de Galicia
OVICA (Asoc. de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia)	DOP Cebreiro
AVIMOS (Asoc. de Criadores de Galiña de Mos)	DOP Arzúa - Ulloa
AGALPI (Asoc. Galiña Piñeira)	DOP San Simón da Costa
BOAGA (Federación de razas autóctonas de Galicia)	DOP Queixo de Tetilla
Asociacións de produtores de froita do Eume.	IXP Mel de Galicia
Asociación Lentura (antiga AMORODO)	IXP Ternera Gallega
AGA (Asoc. Galega de Apicultura)	IXP Lacón Gallego

ASOPACO (Asoc. Produtores de Patata de Coristanco)	IXP Vaca Gallega - Buey Gallego
CLUN, Melisanto, COREN	IXP Castaña de Galicia
CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo)	IXP Faba de Lourenzá
MBG (Misión Biolóxica de Galicia)	IXP Patata de Galicia
Centro de FP con formación agraria (públicos e privados)	IXP Grelos de Galicia
Grupos de consumo e mercados	IXP Pemento de Arnoia
Restaurantes	IXP Pemento do Couto
OAC (Oficinas Agrarias Comarcais)	DOP Pemento de Herbón
CAP	IXP Pemento de Mougán
CRAEGA (Consello Regulador de Agr. Ecolóxica de Galicia)	IXP Pemento de Oímbra
DOP Ribeiro	IXP Pan Galego, Pan de Cea e Tarta de Santiago
DOP Valdeorras	IXP Capón de Vilalba e IXP Terras do Navia
DOP Ribeira Sacra	Faba de Lourenzá
DOP Monterrei	Patata de Galicia
DOP Rías Baixas	Cooperativa A Carqueixa
IXP Barbanza e Iria	Deputación de Lugo - Medio rural

ANEXO II. Guión da entrevista

Data e hora da entrevista:

Entrevistador/a:

Lugar (canle):

Bloque 1: Proceso de incorporación:

Construción do relato/biografía da incorporación.

[Pregunta aberta: elaborar coa persoa entrevista unha liña de tempo cos fitos principais. Como referencia pódese estruturar nas seguintes fases:

Período de planificación:

Esbozo e maduración da idea (fase de exploración): como se foi definindo, que fontes de inspiración, que principios/obxectivos de partida?, como se considerou no contexto social (familia, amigos, veciñanza)?

Preparación do proxecto: plan técnico-productivo, plan financeiro, búsqueda de terras...

Período de establecemento

Implantación (start-up+re-deseño): secuencia, cambios iniciais sobre o previsto, progresión no tamaño (terra, traballo, produción...)

Consolidación (de se-lo caso; en que momento se consideran consolidad@s?)

En que momento se atopa agora? [Pregunta aberta]

Bloque 2. Explotación agraria a día de hoxe

Produción(s) da explotación (pre-encher do inventario e confirmar)

Superficie (nº hectáreas) (pre-encher do inventario e confirmar)

Réxime de Tenencia (pre-encher do inventario e confirmar)

Propiedade: nº ha ou % do total

Propiedade familia: nº ha ou % do total

Arrendado ou cedido: nº ha ou % do total

MVMC

Outras

Traballo:

Nº UTAs propias: % de xornada adicado (pre-encher do inventario e confirmar)

Nº outras UTAs:

Nº de persoas

% de xornada(s) adicado

Modelo produtivo: (pre-completar de inventario)

Servizos externos utilizados/contratados:

Esquemas de calidade: (pre-completar de inventario)

Vías de Comercialización [analizar en particular participación en canles alternativos: venta directa, circuitos curtos]

Canles de comercialización

Produtos, % produción

Transforma a produción? (% de se-lo caso)

A renda da explotación que porcentaxe supón no total da renda familiar?

Bloque 3: Motivacións para a incorporación á actividade agraria

Cal foi a motivación para a incorporación?

[Pregunta aberta: enlazando coa descrición do proceso de incorporación, afondar nas principais motivacións que levaron a iniciar a actividade]

Logo do comentado, poderías seleccionar as tres motivacións máis importantes do seguinte listado?

[amosarlle o listado e pedirlle á persoa entrevistada que seleccione as tres de maior importancia]

Xerar rentas (principais ou complementarias)

Manter patrimonio familiar (en particular a terra)

Producir alimentos propios

Estilo de vida (no senso de gusto pola terra)

Motivacións ambientais

Aspiracións culturais/sociais (incluído apego ao territorio, raíces familiares, compromiso social)

Independencia laboral

Dispoñibilidade de vivenda

Outras (das indicadas pola persoa entrevistada, no caso de non figurar no listado)

[no caso de que non se teña mencionado xa, afondar nestes aspectos]

En particular, por que decidiches?

Este tipo de produción?

Este modelo produtivo/de negocio?

Esta ubicación?

Cales eran/son os teus obxectivos iniciais?

[se na pregunta 13 xa quedou claro, pasar directamente á pregunta sobre a necesidade de terras]

En particular, canta terra necesitabas? A que distancia máxima? As parcelas, de que tamaño mínimo?

Que adicación pretendías ter na explotación?

Bloque 4: Recursos iniciais para incorporarse a actividade

Con que recursos contabas no momento de iniciar a actividade?. Por exemplo:

Tiñas terra? Como accediches a ela?

[tratar de afondar neste aspecto, tamén no senso de saber ata que punto a dispoñibilidade de terras condicionou ou condiciona o planteamento da explotación xa dende un inicio: por exemplo, a selección do tipo de produción e do modelo

Por exemplo: se as terras eran propias, ou de familiares, amigos, veciños, etc], se as pediu ou llas ofreceron, se as tiña localizadas ou as buscou, que fontes de información usou para buscalas de se-lo caso?]

Contabas con formación e/ou experiencia aplicable á actividade?

Recibiches algunha formación con posterioridade?

Foi fácil atopala e acceder a ela?

Foi útil?

Con que recursos financeiros contabas para o comezo da actividade?

[Pregunta aberta: contaba con aforros, tivo axuda de familiares, etc., banco,... en particular para os que se incorporan a tempo completo é interesante saber como 'sobreviviron' os primeiros anos (levar mirado se están a tempo completo ou parcial)]

Accediches a algún tipo de axuda (comprobar respostas enquisa)? (identificar de cales era coñecedor/a, cales solicitou (se non, motivo), cales obtivo (motivos de non obtelas de se-lo caso), importancia relativa das axudas para a incorporación no sentido de canto representou en relación ás necesidades de investimento e/ou circulante inicial.

Na actualidade contas con algunha axuda?

Que % representan sobre os ingresos totais da explotación?

Contaches co apoio de alguén para a incorporación [no senso de capital social]?

Persoas socias

Contactos/coñecidos na área de implantación

Propietarios de terras

Outros produtores

Persoas no eido administrativo, de axudas, legal, etc.

Comercialización

Outras

Que tipo de apoio?:

Bloque 5: Barreiras que se atoparon/atopan

[Por recapitular un pouco,] cales foron/son as maiores dificultades na incorporación?

[Pregunta aberta; apoiarse no comentado nos bloques 2 e 3 para afondar nesta ocasión. Tratar de identificar unha diversidade de factores]

Logo do comentado, poderías valorar de 1 a 5 a dificultade que che supuxeron os seguintes aspectos para iniciar a túa actividade? (1 é pouca dificultade e 5 moita dificultade. CENTRARSE NOS PRIMEIROS 3-4 ANOS DA INCORPORACIÓN, para aqueles que levan anos)

Acceder a suficiente terra,

Acceder a terra de calidade

O financiamento inicial (tanto investimento como circulante)

Dispoñibilidade de man de obra

Atopar provedores e servizos técnicos (ou doutro tipo)

A normativa e burocracia asociada (inc. acceso a axudas, fiscalidade, requerimentos administrativos, etc.))

Acceso as coñecementos técnicos e asesoramento

Dificultades técnicas e de xestión nos comezos

Informe de perfís de NE

A comercialización

Presión social e conflitos

Percepcións propias: como medo ao fracaso, falta de coñecemento, risco,....

A situación de contexto (como acceso a vivenda, servizos, etc., na contorna da explotación / acceso a CMVMC de se-lo caso).

A importancia relativa das barreiras foi cambiando co paso dos anos?

[especialmente relevante para aqueles que levan varios anos (máis de 3 anos)]

Cales foron/son os principais apoios para superar as principais dificultades identificadas?

Como cres que tería sido o proceso sen eses apoios?

[Referirse ás barreiras máis importantes identificadas]

Bloque 6: Actitudes

Cal é a importancia que lle dás aos seguintes aspectos no enfoque da túa explotación? Valora de 1 a 5.

Xestión dos recursos naturais e conservación do medio ambiente:

Adaptación ao cambio climático

Mitigación do cambio climático

Conservación da biodiversidade

Manter a saúde do solo

Conservar a auga

Reducir o uso de enerxía

Cooperación:

Colaborar con outros produtores,

Cooperar con consumidores, provedores e/ou tranformadores

Colaborar con outras persoas ou organizacións do teu territorio

Incorporación de innovación

Novas técnicas de produción

Novas tecnoloxías

Diversificación da produción

Novas formas de organizar o traballo

Hai algún outro aspecto importante no enfoque da túa explotación que queiras salientar?

Bloque 7: Futuro

Pensando no futuro, como ves a túa explotación en 5 anos?

[abordar e pregunta en termos de tamaño, tipo de produción, comercialización, organización do traballo,...]

Cales son os principais retos? [pregunta aberta]

En particular, necesitarás máis terra? Onde tes pensado busca-la? Como? Consideras viable conseguila? Onde?

Bloque 8: Retrospectiva e recomendacións

Cales foron as principais aprendizaxes no proceso de iniciar a actividade?

Cambiarías algo ou feito algo de forma diferente a como o fixeches?

Que recomendacións lle darías a alguén que quere comezar a actividade agraria?

Bloque 9: Caracterización da persoa nova entrante e da explotación

[Repasar as preguntas do inventario pre-enchendo aquelas xa coñecidas para confirmar; a maiores completar]:

Nome e apelidos: (inventario)

ID: (inventario)

Idade: (inventario)

Sexo: (inventario)

Lugar de nacemento:

Residencia no momento de comezar a actividade agraria:

Tivo contacto previo coa actividade agraria? De que xeito?

Lugar de residencia actual:

Situación familiar:

Con/sen parella

Familiares a cargo

Descendentes

Ascendentes

Formación:

Nivel de estudos

Rama/disciplina

Formación vocacional:

Experiencia profesional antes de incorporarse á agricultura:

Nº Anos (inventario)

Sector

Peché: Agradecer e informar dos resultados agardados do proxecto. En particular, informar de que se quere impulsar unha Rede de Novos Entrantes co gallo de facilitar compartir información, coñecementos e/ou recursos de se-lo caso. Preguntar:

Se coñece outros novos entrantes (de se-lo caso, se pode proporcionarnos o seu contacto)

Se estaría interesado en formar parte dela e que ideas en relación ás súas posibles actividades e obxectivos.